

O Grupo de Traballo de Debuxo Técnico, como consecuencia do novo marco lexislativo, derivado da implantación da *Ley Orgánica 8 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (LOMCE)*, que modifica en parte os currículos das materias de Bacharelato e o procedemento de acceso ás universidades, presenta estas novas **orientacións xerais** da materia, elaboradas a partir das anteriores, co obxecto de adaptarse ao establecido na nova lexislación, nomeadamente á *Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (ECD/1941/2016 do 22 de decembro, BOE de 23 de decembro)* ditada en desenvolvemento do *Real Decreto 1105/2014, del 26 de diciembre por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato (BOE Núm. 3, sábado 3 de xaneiro de 2015)*

Dado que o presente curso supón un período de transición entre dous sistemas educativos, o criterio do Grupo de Traballo busca axustarse á nova normativa sen que iso supoña cambios drásticos con respecto á estrutura, contidos e criterios de avaliación das probas de acceso á universidade de cursos anteriores. Sabemos que estamos nun curso de percorrido excepcional polo retraso na información e organización da Avaliación para o Acceso á Universidade.

O Grupo de Traballo tratou de ser o máis claro e conciso e elaborou estas orientacións en base aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da nova normativa.

BLOQUE 1. XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO

1.1. TRAZADOS NO PLANO:

- Arco capaz
- Rectángulo áureo
- Equivalencia

1.2. POTENCIA:

- Eixe e centro radical
- Aplicacións a resolución de tanxencias

1.3. TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS NO PLANO:

- Homoloxía, afinidade e inversión

1.4. CURVAS CÓNICAS E TÉCNICAS:

- Elipse, hipérbole e parábola
- Interseccións con rectas e rectas tanxentes

BLOQUE 2. SISTEMAS DE REPRESENTACIÓN

2.1. SISTEMA DIÉDRICO:

Pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade

Xiros, abatements e cambios de plano

Verdadeiras magnitudes de segmentos e figuras planas

Representación de corpos xeométricos: prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas

Poliedros regulares: tetraedro, hexaedro, octaedro

Intersección con rectas. Seccións planas. Obtención de desenvolvementos

2.2. SISTEMA AXONOMÉTRICO ORTOGONAL

Fundamentos do sistema, proxeccións e coeficientes de redución.

Representación de corpos xeométricos en axonométrico ortogonal, a partir das súas proxeccións diédricas.

BLOQUE 3. DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE PROXECTOS

3.1. DEBUXOS DE BOSQUEXOS A MAN ALZADA.

A partir pezas dadas en axonometría a escala, elaborar as vistas, cortes e/ou seccións

3.2. ELABORACIÓN DE DEBUXOS ACOUTADOS

Exame

A estrutura da proba mantense igual á de cursos anteriores, con dúas opcións (A e B), con tres preguntas en base aos bloques de contidos: a primeira de *Xeometría e Debuxo Técnico*, que se corresponde basicamente á anterior de *Xeometría Plana*, cunha cualificación de 3 puntos. A segunda e a terceira, de *Sistemas de Representación*: un exercicio de *Sistema Diédrico* e outro de *Axonométrico* (trazado de axonometrías ortogonais a partir de proxeccións diédricas), cunha cualificación de 3,5 puntos cada unha. Poderase alternar este último exercicio correspondente á terceira pregunta do Bloque 3, con sinxelos exercicios de *Representación Gráfica de Proxectos*, limitándose este curso ao enumerado en parágrafos anteriores, segundo as directrices que se achegan (ver exemplo de exame).

Achégase exame tipo

Febreiro de 2017